



BASES DOS PREMIOS YOUTUBEIRAS 2023

1. OBXECTIVOS

Os premios Youtubeiras teñen como finalidade estimular a creación no YouTube en galego con temáticas e formatos diversos, así como promover e visibilizar os diferentes perfís de persoas creadoras na Rede.

2. PARTICIPANTES

Poden optar a estes premios todas as persoas maiores de 14 anos con canles de Youtube autoproducidas. No caso de que a persoa participante sexa menor de idade, esta inscrición irá acompañada da autorización da persoa titora legal mediante o documento que se facilita na web do proxecto Youtubeiras (www.youtubeiras.gal).

3. CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓN DAS CANLES PRESENTADAS

As canles de Youtube inscritas ao concurso teñen que:

- Ter como mínimo un vídeo subido a partir do 15 de novembro do 2022 co cancelo #youtubeiras.
- Non ter restricións de privacidade.
- Os títulos, as descrições e os subtítulos permanentes (de habelos) teñen que estar en galego.
- Estes vídeos poden conter subtítulos de activación opcional no Youtube noutras linguas.

As canles de Youtube presentadas deben ter a maioría dos vídeos en galego.

Non se poden presentar listas de reprodución aos premios.

Fican expresamente excluídos os traballos que promovan unha mensaxe violenta, denigrante ou ofensiva.

4. INSCRICIÓN E PRAZOS

- O prazo para inscribir as canles nos Premios Youtubeiras vai do **21 de setembro de 2023 ao 17 de novembro de 2023 ás 23.59 h.** A participación está aberta ao ámbito internacional e é de balde.
- As persoas participantes deben inscribirse a través do **formulario que figura na web www.youtubeiras.gal** e indicar a URL da canle.
- Cada creador/a pode inscribir máis dunha canle.

5. PREMIOS

Establécense **8 premios: 7 valorados en 1000 € e un en 500 €.** Un total de **7500 €** en premios.

Os premios son os seguintes:

- **CANLE**, dotado con 1000 €. Optan a este premio as canles inscritas. Valorarase a calidade dos contidos, a calidade lingüística, a creatividade, a periodicidade dos contidos, a creación e o mantemento de comunidade (uso doutras redes sociais, identidade da canle e imaxe coidada, colaboracións, creacións colectivas...) e a repercusión do contido no Youtube, noutras redes sociais e nos medios de comunicación.
- **YOUTUBEIRA**, dotado con 1000 €. Optan a este premio as persoas creadoras das canles inscritas. Valorarase a capacidade da persoa youtubeira de crear contido de referencia, a súa capacidade comunicativa, a súa calidade lingüística e creativa. Tamén se valorará a calidade dos contidos, a súa periodicidade e a súa repercusión na sociedade.
- **YOUTUBEIRA REVELACIÓN**, dotado con 1000 €. Poderán optar a este premio todas aquelas persoas que non se inscribisen nos Premios Youtubeiras nin fosen propostos no Premio do Público en ningunha das edicións anteriores e que presenten unha canle que conteña polo menos un vídeo subido despois do 15 de novembro de 2022. Valorarase a capacidade de xerar novas temáticas, ideas, formatos e contidos.
- **VÍDEO**, dotado con 1000 €. Optan a este premio calquera dos vídeos integrantes das canles presentadas que se subiran entre o 15 de novembro de 2022 e o 17 de novembro de 2023. Valorarase a calidade dos contidos, a calidade lingüística, a creatividade e a capacidade de transmitir a mensaxe.
- **CALIDADE LINGÜÍSTICA**, dotado con 1000 €. Optan a este premio as canles inscritas. Valorarase a calidade e o coidado da lingua na canle (en todas as súas variantes dialectais) nos niveis fonético, gramatical e lexical.
- **PIONEIRO**, dotado con 1000 €. Optan a este premio as canles inscritas. Valorarase o feito de que se introduza a lingua galega nun campo no que é pouco usada no Youtube.

- **REDE**, dotado con 1000 €. Optan a este premio as canles inscritas. Volaráranse aquelas canles que teñan a capacidade de crear e fortalecer a rede virtual (crear comunidade a través do Youtube e doutras redes sociais vinculadas) ou a rede real (crear vídeos de xeito colectivo e/ou promovidos polo tecido asociacionista).
- **DO PÚBLICO**, dotado con 500 €. Este premio outorgaráselle ao vídeo máis votado proposto polo público. Resultará gañador aquel vídeo que despois dun proceso de votación na Rede e da ratificación por parte do xurado, consiga máis votos (ver anexo específico para o premio do público).

Cada persoa participante pode recibir un único premio e ser finalista en dúas categorías. Ningún dos premios quedará deserto. Todas as categorías terán tres finalistas. Pode haber premios compartidos se o xurado así o considera.

As contías serán únicas e estarán suxeitas ás retencións correspondentes conforme a lexislación tributaria vixente.

6. PREMIO DO PÚBLICO

Calquera persoa poderá presentar propostas para o Premio do Público a través do formulario habilitado na web (www.youtubeiras.gal). Despois de verificar que cumpren as bases dos premios, o proxecto publicará os vídeos participantes. Unha persoa pode facer máis dunha proposta e en ningún caso poderá propor os seus propios vídeos. O vídeo gañador dependerá das votacións do público e non do número de veces que sexa proposto.

Os vídeos propostos polo público deben reunir os mesmos requisitos especificados nas bases xerais:

- Estar publicado no Youtube con posterioridade ao 15 de novembro de 2022.
- Estar en galego.
- Os títulos dos vídeos, as descrições e os subtítulos permanentes (de habelos) teñen que estar en galego.
- Os vídeos poden conter subtítulos de activación opcional no Youtube noutras linguas.
- Fican expresamente excluídos os traballos que promovan unha mensaxe violenta, denigrante ou ofensiva.

O prazo para formalizar estas propostas como público vai desde o 21 de setembro de 2023 ao 17 de novembro de 2023 ás 23.59 h.

Con todas as propostas recibidas crearase un formulario de votación. Este formulario difundirase nas redes sociais do proxecto e estará habilitado dende o 20 de novembro ao 1 de decembro de 2023 ás 23.59 h.

Os 3 vídeos que reciban máis votos nese prazo serán os finalistas do Premio do Público e o xurado ratificará a dita votación conforme ás bases xerais.

7. XURADO, SELECCIÓN, CRITERIOS DE VALORACIÓN E ENTREGA DE PREMIOS

- O xurado con voz e voto estará composto por cinco persoas relacionadas co audiovisual, a xeración e consumo de contidos dixitais e/ou co traballo na área da normalización da lingua. Unha destas persoas será a gañadora na categoría Youtubeira da anterior edición.
- O xurado valorará as canles no seu conxunto, agás no premio Vídeo, no que se terán en conta os vídeos das canles de xeito individual, sempre que cumpran estas bases.
- O xurado valorará os seguintes criterios:
 - > **Calidade lingüística.** Valorarase o uso coidado e correcto da lingua en todas as súas variantes dialectais (calidade fonética, lexical, sintáctica, etc.).
 - > **Calidade dos contidos** e diversidade das temáticas e dos perfís das persoas creadoras.
 - > **Calidade técnica mínima** da canle ou dos vídeos, tanto visual como sonora.
 - > **Capacidade de transmitir os contidos** e dotes interpretativos e/ou comunicativos.

A listaxe de finalistas publicárase con anterioridade á data de entrega de premios. Ao mesmo tempo anunciarase na web e comunicárase a cada participante finalista.

A resolución final do xurado coñecerase nunha gala de entrega de premios pública e aberta. Esta gala anunciarase coa suficiente antelación e todas as persoas finalistas adquiren o compromiso de asistir.

8. INCIDENCIAS NAS INSCRICIÓN

No caso de que algunha persoa participante non se inscriba correctamente será informada dos cambios que ten que executar para poder participar nesta sexta edición dos Premios Youtubeiras. Así que se corrixan as deficiencias detectadas na inscrición poderá participar na convocatoria.

O prazo para solucionar as posibles incidencias na inscrición vai desde o 20 de novembro ao 1 de decembro de 2023.

No caso de que algunha canle presentada non reúna algún dos requisitos establecidos nas bases de participación, a persoa que a inscribiu será informada do/s motivo/s polos cales a canle queda fóra de concurso.

As persoas participantes poderán contactar coa organización dos Premios Youtubeiras a través das diferentes redes sociais do proxecto Youtubeiras e do correo electrónico premios@youtubeiras.gal.

9. BASE FINAL

A organización resérvase o dereito a empregar os vídeos das canles finalistas na promoción do proxecto Youtubeiras en todas as súas edicións.

A participación nos Premios Youtubeiras 2023 significa a completa aceptación das presentes bases e das decisións do xurado designado.